



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

30 de outubro de 2025

Duración:

Desde las 12:10 hasta las 14:10

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	NON
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
34279261S	Noelia Pardeiro Fompedriña	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. José Yebra Amorín:
«motivos personais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Os membros da Corporación aproban, por unanimidade, a acta da sesión plenaria anterior.

Expediente 929/2025. Peche e Liquidación do Orzamento

Non hai acordo	Motivo: Únicamente dación de conta
-----------------------	---

Resolución:

Dase conta da liquidación do ano 2024 quedando así enterado o Pleno.

Expediente 1198/2025. Modificación de Créditos

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Resolución:

Os membros da Corporación coñecen a proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión de Asuntos do pleno en sesión de 27 de outubro de 2025, que se adxunta.

O Sr. Alcalde di que todos os grupos teñen acceso á documentación do expediente. Que vai





utilizar unha parte do superávit do ano anterior a amortizar crédito, a achega derivada do convenio da piscina para esta anualidade, a achega correspondente para o centro de día, a unha adquisición de terreo para nova depuradora, a adquisición de terreo para local social de san Lourenzo de Aguiar e gasto corrente de facturas de final de ano, e que aínda quedarán 200.000€ de superávit sen dispoñer deles. Explica o Sr. Alcalde que esta modificación de crédito afronta compromisos moi importantes.

Toma a palabra o concelleiros nacionalista Miguel Vieito e di que non se cumpren os compromisos en tempo e forma. Di que se trae a Pleno unha modificación dun orzamento que se acaba de aprobar. Di que a modificación que se plantexa é ilegal porque así o dí a Lei de Estabilidade Orzamentaria e o informe de Intervención. Critica todas as finalidades do suplemento e explica que o voto en contra do seu grupo e por todo o que xa advirte Intervención no seu informe.

A concelleira socialista Carmen Acacio toma a palabra e di que esta modificación de crédito reflicte unha mala planificación orzamentaria. Que segundo o informe de Intervención esta operación financíase con Remanente de Tesourería e que iso é como vivir dos aforros. Critica que acaban de aprobarse os orzamentos e xa se modifican. Di que Intervención emite un informe sen rigor e que non considera que o procedemento sexa ilegal aínda que si existe unha mala planificación económica.

O Sr. alcalde dille a ambos grupos que nada aportan. Que Outeiro de Rei ten unha boa saúde económica e que a gasto corrente destínase unha cantidade pequena de diñeiro. Di o Sr. Alcalde que utilizar o superávit non é ter falta de previsión.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, que se adxunta, resultando aprobada por 8 votos a favor (do PP) e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSOE).

Documentos anexos:

- Anexo 1. PROPOSTA ALCALDÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01-2025

MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO PROGRAMA XANTAR NA CASA	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Resolución:

Dase lectura á moción presentada pola concelleira socialista:

”MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI AO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DA XUNTA DE GALICIA

Exposición de motivos:





O programa “Xantar na Casa” da Xunta de Galicia constitúe unha ferramenta fundamental para garantir unha alimentación equilibrada e saudable ás persoas maiores ou persoas en situación de dependencia, favorecendo que poidan continuar residindo nos seus fogares coa máxima autonomía e calidade de vida.

Este servizo foi creado en outubro de 2008 polo Goberno galego presidido por Emilio Pérez Touriño (PSdeG-PSOE), a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dependente daquela da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (BNG). O seu obxectivo inicial foi ofrecer unha dieta equilibrada e un apoio básico ás persoas maiores do rural galego, co propósito de evitar o illamento, fomentar o envellecemento activo e facilitar a permanencia no domicilio habitual.

Desde a súa creación, o programa consolidouse como un servizo esencial de atención social de proximidade, complementario da axuda no fogar e da teleasistencia, mantendo a súa continuidade baixo os sucesivos gobernos autonómicos.

A día de hoxe, Xantar na Casa está implantado en máis de 200 concellos galegos e atende a máis de 2.000 persoas usuarias, segundo datos oficiais da Consellería de Política Social (2024–2025).

Cada semana repártense máis de 17.000 menús adaptados ás necesidades nutricionais e sanitarias das persoas beneficiarias.

O custo do servizo é compartido entre as tres partes implicadas — Xunta de Galicia, concellos e persoas usuarias— cun prezo orientativo duns 7,32 euros por menú/día, dos cales aproximadamente a metade é achegada pola Xunta e o resto repártese entre o Concello e o usuario.

Ademais da prestación alimentaria, o programa supón un seguimento social continuado, xa que o persoal de reparto actúa tamén como elemento de detección de situacións de risco, avisando aos servizos sociais municipais cando é necesario.

No noso concello, Outeiro de Rei, este programa aínda non está dispoñible, polo que as veciñas e veciños que poderían beneficiarse desta medida carecen dun recurso social que xa é unha realidade noutras vilas da provincia e do país.

O Grupo Municipal Socialista considera inxustificable que Outeiro de Rei quede atrás na implantación deste servizo, sobre todo tendo en conta o envellecemento progresivo da poboación e a necesidade de reforzar os servizos sociais de proximidade nun concello cunha importante poboación rural e dispersa.

Por todo o exposto, e tendo en conta a eficacia e o impacto positivo demostrados por este programa ao longo de máis de quince anos de funcionamento, SOLICITAMOS AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:





1. Instar ao Concello de Outeiro de Rei a que inicie, con carácter urgente, os trámites necesarios para a súa adhesión ao programa “Xantar na Casa” da Xunta de Galicia, en coordinación coa Consellería de Política Social e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
2. Comprometer a disposición dos recursos materiais e persoais necesarios para garantir a posta en marcha efectiva deste servizo no noso concello.
3. Poñer en marcha campañas de información dirixidas á veciñanza, para que todas as persoas que poidan resultar beneficiarias teñan coñecemento deste recurso e poidan acceder a el sen trabas administrativas.
4. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e aos Servizos Sociais Municipais, para os efectos oportunos e de coordinación técnica.”

Logo da lectura da concelleira socialista, toma a palabra a concelleira nacionalista Elvira Lombao que di que este servizo debería estar estendido por todo o país. Di que os cuidados son un dereito básico á dignidade humana. Considera a concelleira que debería financiar a Xunta este servizo nunha cuantía suficiente que non fosen unha carga para os concellos. Di que este servizo desafogaríaa o SAF. Manifesta que o seu grupo vai apoiar a moción.

Intervén o Sr. Alcalde e di que Outeiro é un dos concellos mais sociais da provincia e incluso da Comunidade Autónoma. Di tamén que o Goberno central adéudalle á Xunta de Galicia mais de 2.500.000€ en servizos sociais. Considera o Sr. Alcalde que non existe demanda real do servizo e que, de ter demanda, a pesar do comentado, implantaríao

Sométese a votación a moción do PSOE relativa ao programa Xantar na Casa resultando rexeitada por 4 votos a favor (3 do BNG e 1 do PSOE) e 8 en contra (do PP).

MOCIÓN DO BNG PARA QUE A EQUIPA DE GOBERNO INCLÚA INICIATIVAS NOS ORZAMENTOS DE CARA AO ANO 2026, PARA ATENDER AS NECESIDADES DA VECIÑANZA DE OUTEIRO DE REI

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Resolución:

Resúme o concelleiro nacionalista a MOCIÓN DO BNG PARA QUE A EQUIPA DE GOBERNO INCLÚA INICIATIVAS NOS ORZAMENTOS DE CARA AO ANO 2026, PARA ATENDER AS NECESIDADES DA VECIÑANZA DE OUTEIRO DE REI, que consta no expediente, e se copia:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Os concellos galegos son a administración máis próxima á cidadanía, a que mellor coñece as necesidades reais da veciñanza e a que primeiro responde ante os problemas do día a día.

Porén, durante anos sufriron unha continua perda de capacidade política e financeira derivada dun modelo de Estado que centraliza os recursos en Madrid e dunha Xunta de Galicia que, lonxe de fortalecer o municipalismo, mantén aos concellos nun papel subalterno, sen medios suficientes para exercer as súas competencias con dignidade.

O artigo 25 da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (LRBRL) recoñece aos concellos un amplo abano de competencias: urbanismo, vivenda, medio ambiente, servizos sociais, cultura, deportes, limpeza viaria, subministro de auga, recollida de residuos, participación na atención primaria de saúde... en definitiva, ámbitos fundamentais para garantir unha vida digna e uns servizos públicos de calidade. Porén, a falta de financiamento xusto e a ausencia de planificación real por parte dos gobernos municipais e autonómicos fan que boa parte destas competencias queden baleiras ou executadas de forma improvisada.

O BNG defende un modelo de concello galego con poder real e capacidade de decisión, con orzamentos que reflectan as prioridades da veciñanza e non os intereses partidistas.

Entendemos os orzamentos municipais como unha ferramenta política fundamental: son a expresión concreta do proxecto de país que queremos, dun rural vivo, con servizos públicos próximos, con igualdade de oportunidades e con futuro para a mocidade.

O ano 2025 foi outro ano perdido para Outeiro de Rei. Sen orzamentos aprobados, (aprobados en setembro do mesmo ano, que é o mesmo) sen planificación e sen unha soa inversión relevante, o Concello quedou sumido na inercia e na falta de proxecto. Mentres outros municipios avanza en mobilidade sostible, servizos sociais, cultura e transición enerxética, Outeiro continúa atrapado nun modelo de xestión improvisado, dependente e sen ambición.

Por iso, desde o BNG de Outeiro de Rei propoñemos que os orzamentos de 2026, que xa deberían estar en elaboración e dos que xa deberíamos, por Lei, ter un borrador, se convertan nun verdadeiro instrumento ao servizo da veciñanza, da igualdade territorial e do futuro do noso concello.

Queremos un concello que aposte polo rural, pola conservación do territorio, pola creación de servizos públicos próximos e pola posta en valor da nosa cultura e do noso patrimonio. Un concello que deixe atrás a parálise e que sexa motor dun proxecto de país galego, sustentábel e solidario, no que vivir no rural non sexa unha desvantaxe, senón unha elección de vida con todas as garantías.

Propóñense os seguintes puntos a incluír na previsión de orzamentos:

1.- Plan anual de mellora e mantemento das estradas e camiños municipais





Incluir unha partida estable para a reparación e conservación das estradas, así como para o desbroce e limpeza regular das marxes e beirarrúas, garantindo unhas condicións seguras de circulación en todas as parroquias.

2. Estudo técnico-económico para a extensión do saneamento ás parroquias sen servizo

A maioría das 27 parroquias carecen de rede de saneamento. É necesario planificar actuacións plurianuais e elaborar estudos técnicos que permitan estender o servizo de forma progresiva e eficiente; así como executalo e realizalo naquelas parroquias en que for xa planificado.

3. Apertura completa e posta en funcionamento do Centro de Día Municipal

O proxecto foi anunciado en 2024, mais continúa sen se completar. Urxe rematar a segunda fase e incluír unha partida suficiente para garantir o seu funcionamento integral en 2026.

4. Humanización e mellora do cemiterio municipal

O cemiterio debe ser un espazo digno, accesible e coidado. Proponse a súa humanización con zonas axardinadas, mobiliario adecuado e un mantemento regular.

5. Plan de rehabilitación e rexeneración de vivendas

Promover liñas municipais de apoio á rehabilitación de vivenda abandonada nas parroquias, facilitando o acceso a programas de subvención e poñendo en valor o patrimonio habitacional existente.

6. Posta en valor do patrimonio e do entorno natural e cultural

Impulsar actuacións de conservación e promoción en espazos como a Ínsua do Maiordomo, a capela de Bravos ou outros elementos do patrimonio rural, combinando protección ambiental e dinamización turística sostible.

7. Melloras urxentes no centro de saúde municipal

Mentres a Xunta non executa o novo PAC, cómpre acometer arranxos inmediatos no centro actual, solucionando deficiencias estruturais e de accesibilidade que afectan tanto ao persoal como ás persoas usuarias.

8. Mellora de parques infantís e instalación de novos elementos de lecer

O concello precisa un plan de renovación dos parques infantís, garantindo seguridade, accesibilidade e zonas de sombra. Proponse tamén a creación de pequenas áreas biosaudables nas parroquias.





9. Instalación de fontes públicas e mellora do mobiliario urbano

Recuperar e instalar fontes en zonas de uso público, especialmente nos núcleos con maior tránsito peonil, mellorando o benestar e a imaxe dos espazos comúns.

10. Programa de eficiencia enerxética e transición verde

Impulsar a instalación de iluminación LED en todos os núcleos, fomentar o autoconsumo fotovoltaico en edificios municipais e crear pequenas zonas verdes con árbores autóctonas para mitigar o impacto ambiental.

11. Creación dun centro de información á muller (CIM)

No ano 2023 o pleno aprobou por unanimidade a creación dun CIM, mais a día de hoxe non se deu ningún paso efectivo para facelo realidade.

Este servizo é fundamental para garantir a igualdade real e o apoio ás mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente no ámbito rural,, onde a falta de servizos dificultan a atención; e tamén para o acompañamento do colectivo LGTQBIA+. É imprescindible incluír nos orzamentos unha partida específica para a súa posta en marcha, dotandoo de persoal técnico cualificado e recursos.

12. Dixitalización do ciclo da auga

Propoñer que o concello de Outeiro de Rei se sume ao programa de Augas de Galicia para dixitalizar o ciclo da auga.

Un programa que permite axustar as demandas de auga, evitando perdas e ineficiencias e unha mellor atención das necesidades dos cidadáns sen producir danos ao medio ambiente . A dixitalización é unha ferramenta que favorece a xestión máis óptima dos recursos, ao permitir monitorizalos principais elementos do sistema: captación, depósitos, estacións de tratamento de auga potable, puntos de entrega, entrada das depuradoras e os parámetros básicos no abastecemento da auga. Desta maneira é posible identificar os problemas e adoptar medidas con axilidade para resolvelos. En Outeiro de Rei temos moitos problemas de fugas así como de turbidez algo que con esta dixitalización se podería ter controlado.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

Instar ao equipo de Goberno a a incluír e priorizar estas propostas nos orzamentos municipais de 2026, como primeiro paso para recuperar o investimento público, mellorar os servizos básicos e garantir que o concello dea resposta efectiva ás necesidades da súa veciñanza.





En Outeiro de Rei, a 22 de outubro de 2025”

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que vai votar a favor da moción porque considera que é moi beneficiosa para Outeiro. Que o seu grupo considera que debe haber planificación e mais diálogo coa oposición.

O Sr. Alcalde trata de dar contestación a todos os puntos previstos na moción e contéstalle o grupo nacionalista que respecto do punto 1º, que todos os anos faise un investimento importante en mellora e mantemento das estradas e camiños municipais, respecto do punto 2º, que xa se fai, a pesar de que a Deputación non axuda en nada ao Concello de Outeiro de Rei, respecto do punto 3º di que para a apertura completa e posta en funcionamento do Centro de Día municipal que primeiro hai que rematalo, respecto do punto 6º di que se traballa na posta en valor do patrimonio e do entorno natural e cultural facendo investimentos anuais neste senso, respecto do punto 9º e 8º que se fan moitas obras pero non tantas como lle gustaría porque a administración que lles debería axudar (A Deputación) non apoia economicamente e respecto do punto 10º di que xa hai 10 anos que neste concello existe un programa de eficiencia enerxética e transición verde.

Di o alcalde que outro motivo de non gastar mais en investimentos é que habería que subir impostos.

Lamenta o Sr. Alcalde que digan que hai parroquias desatendidas e di que é falso xa que todas teñen saneamento, fibra óptica, auga. Di tamén o alcalde que, en relación as estradas, que parece mentira que estando como están as da Deputación, que digan que están mal as municipais.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 4 votos a favor (3 do BNG e 1 do PSOE) e 8 en contra (do PP)

PARTE DE CONTROL

PREGUNTAS E ROGOS.

1º.- PREGUNTAS DO PSOE.

Cal é o motivo real polo que o centro de día segue sen abrirse ao público nin cumprir coa súa finalidade social?

Qué xestións se teñen realizado ata o de agora para poñelo en funcionamento e cales están pendentes?

Cando prevé o Goberno municipal que o centro de día poida comezar a ofrecer servizo ás persoas maiores de Outeiro de Rei?

Contesta o Sr. Alcalde que a obra non está rematada. que están feitas todas as xestións e espera que sexa antes que tarde. Di que e canto esté rematado porano en marcha.

2º.- ROGO DO PSOE.

O grupo municipal socialista roga aos goberno municipal que adopte as medidas necesarias





para que se publiquen de maneira sistemática, clara e accesible na páxina web do Concello de Outeiro de Rei todos os acordos adoptados polos Plenos municipais tanto ordinarios como extraordinarios garantindo a súa actualización e dispoñibilidade pública.

3º.- ROGO DO PSOE

1- O grupo municipal socialista roga ao goberno municipal que se habilite un sistema de pagamento telemático ou por transferencia bancaria para todas as actividades impartidas polo Concello de Outeiro de Rei, de xeito que os ingresos queden correctamente rexistrados e consten de forma clara nos orzamentos municipais

2- Que se cree un procedemento de inscrición e pagamento en liña, accesible desde a web ou sede electrónica municipal, para facilitar a participación de toda a veciñanza e modernizar a xestión cultural do Concello.

4º.- PREGUNTAS DO BNG

Cales son os motivos de que o tempo medio de pagamento a provedores no concello de Outeiro de Rei sexa sensiblemente mais elevado que o medio para Galiza?

Responde o alcalde que o período medio de pago incúmprese cando se excede de 30 días o impago e que en Outeiro no 1º trimestre eran 28 días e no 2º 22.

Por qué o Concello de Outeiro de Rei incumpre flagrantemente a Lei de morosidade do Estado, o sei plan económico-financieiro, a regra de gasto e as normas aplicábeis á estabilidade financeira?

Contesta o Sr. alcalde que sí se cumpre a regra de gasto.

Ten explicación esta alcaldía a por qué existen varios provedores do concello que afirman que este so paga as súas obrigas con meses de atraso?

Pregúntalle o Sr. alcalde que quenes son eses provedores.

5º.- RODOS DO BNG.

O grupo municipal do BNG roga ao goberno municipal que se sirva o Concello de Outeiro de Rei xerar un catálogo de elementos patrimoniais vencellados á cultura hidrográfica do noso concello e, en particular, das fontes que existen en funcionamento ou que puideran ser recuperábeis en Outeiro de Rei.

e roga igualmente que se destinen partidas orzamentarias específicas ou se poñan en marcha os acordos institucionais que for oportunos para a posta en valor do patrimonio hidrográfico do concello como motor da comunidade e, adicionalmente, como motor económico da localidade.

Proponlle o Sr. alcalde ao grupo do BNG que consiga un convenio da Deputación de 200.000 € con Outeiro para poder destinar ese diñeiro a conservar o patrimonio.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2025/6

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 1198/2025. Modificación de Créditos

- Anexo 1. PROPOSTA ALCALDÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01-2025





Concello de Outeiro de Rei

PROPOSTA DE ALCALDÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2025.

Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do orzamento para o ano 2025 apreciouse a insuficiencia do crédito previsto en diversas partidas para facer fronte a gastos necesarios do exercicio.

Os gastos que motivan o presente expediente de modificación orzamentaria a través de suplemento de crédito son os seguintes:

- Amortización anticipada parcial por importe de 120.000,00 euros do préstamo a l/p que foi concertado coa entidade financeira ABANCA, nº 500-0139-003179/0, cuxo capital vivo a 31 de decembro de 2024 era de 454.176,66 euros.

- Achega municipal correspondente ao acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Outeiro de Rei para a execución das obras de construción de piscina municipal e Centro BTT, por importe de 150.000,00 euros.

- Achega municipal para o proxecto de construción do Centro de Día, que está previsto no orzamento municipal de 2025 por un importe de 600.000,00 euros, sendo necesario dotar un importe adicional de 155.000,00 euros.

- Adquisición de terreo para construción de depuradora, por importe de 30.000,00 euros. A adquisición do citado terreo está prevista no orzamento de 2025 por importe de 30.000,00 euros, que resultan insuficientes, polo que se suplementa con 30.000,00 euros.

- Adquisición de terreo para local social en San Lourenzo de Aguiar, por importe de 10.000,00 euros.

- Gastos correntes en diferentes partidas, por importe de 350.000,00 euros, para incrementar as bolsas de vinculación que quedaron minoradas como consecuencia da imputación ao orzamento de 2025 das facturas que quedaron pendentes de imputar ao orzamento do exercicio 2024, e que foron obxecto no 2025 dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto que da liquidación do exercicio 2024 resulta un Remanente Líquido de Tesourería positivo para gastos xerais por importe de 1.104.126,21 euros.

Considerando que os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo tamén carácter inaprazable por afectar a servizos básicos municipais.

Vistos os informes da Intervención municipal, do 22 de outubro, e tendo en conta que a aplicación estrita do artigo 32 da Ley de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira supoñería unha amortización anticipada de deuda polo importe do superávit derivado da liquidación do exercicio 2024, que ascende a 985.485,28 euros.

Considerando que non é viable para o concello efectuar a amortización anticipada polo citado importe, xa que non se dispoñería de crédito suficiente para afrontar os gastos incluídos no presente expediente, os cales considéranse esenciais para o bon funcionamento dos servizos municipais, ademáis de que podería producir unha situación de liquidez insuficiente para afrontar o pago dos gastos necesarios para o





Concello de Outeiro de Rei

concello, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito do Orzamento da Corporación para o ano 2025 mediante suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe total de 815.000,00 euros, de acordo con o seguinte detalle:

GASTOS.-

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
161 (ABASTEC. DOMICILIARIO AUGA POTABLE)	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	13.000,00
	600-ADQUISICIÓN DE TERRENO	30.000,00
Total 161		43.000,00
1621 (RECOGIDA DE RESIDUOS)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	140.000,00
Total 1621		140.000,00
165 (ALUMBRADO PÚBLICO)	22199-OTROS SUMINISTROS	25.000,00
Total 165		25.000,00
231(SERVICIOS SOCIALES Y PROMOCIÓN SOCIAL)	622-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	155.000,00
Total 231		155.000,00
312 (CENTROS DE SALUD)	22700-LIMPIEZA Y ASEO	10.000,00
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	10.000,00
Total 312		20.000,00
326 (SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	40.000,00
Total 326		40.000,00
334 (PROMOCIÓN CULTURAL)	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	12.000,00
Total 334		12.000,00
341 (PROMOCIÓN Y FOMENTO DEL DEPORTE)	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	30.000,00
Total 341		30.000,00
337 (INSTALACIONES DE OCUPACIÓN DEL TIEMPO LIBRE)	600-ADQUISICIÓN DE TERRENO	10.000,00
Total 337		10.000,00
342(INSTALACIONES DEPORTIVAS)	622-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	150.000,00





Concello de Outeiro de Rei

Total 342		150.000,00
453(CARRETERAS)	22199-OTROS SUMINISTROS	10.000,00
Total 453		10.000,00
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	10.000,00
	224- PRIMAS DE SEGUROS	10.000,00
	22000-MATERIAL OFICINA NO INVENTARIABLE	5.000,00
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PROFESIONALES	35.000,00
920 (ADMINISTRACIÓN GENERAL)		
Total 920		60.000,00
011 (DEUDA PÚBLICA)	913-AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS L/P DE ENTES DE FUERA DEL SECTOR PÚBLICO	120.000,00
Total 011		120.000,00
TOTAL IMPORTE SUPLEMENTO		815.000,00

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FUENTE DE FINANCIACIÓN
870.00	815.000,00	REMANENTE LÍQUIDO DE TESORERÍA GASTOS GENERALES

SEGUNDO: Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

O ALCALDE
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

